



RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Universidades do 9 de outubro de 2020 pola que se informa favorablemente a fase de estadía, segundo o disposto na Orde conxunta da Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 30 de abril de 2018 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

A Orde do 30 de abril de 2018 (DOG núm. 98, do 24 de maio), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establece as bases polas que se rexe a concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, en réxime de concorrência competitiva. O anexo I desta orde regula a modalidade A destas axudas e establece no artigo 6 que as persoas contratadas polas entidades beneficiarias deberán realizar un mínimo de 21 meses de estadía e obter unha avaliación positiva nesta fase para poder acceder ao contrato na fase de retorno.

De acordo coas directrices emanadas da Instrución 4/2020, do 10 de setembro, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se inicia o procedemento de avaliación do rendemento da fase de estadía do persoal investigador contratado ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, do ano 2018 que renunciou á ampliación do contrato da fase de estadía, os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Universidades avaliaron a documentación remitida polas universidades en relación coas persoas contratadas.

De acordo co Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuír á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe dos servizos técnicos, a Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVE:

1. Declarar que as persoas indicadas a continuación acadaron unha avaliación positiva da fase de estadía, conforme ao establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 30 de abril de 2018 e coa Instrución 4/2020, o que lle posibilitaría acceder ao contrato da fase de retorno.

Nº expediente	UNIV.	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
ED481B 2018/014	USC	Carrero	Pazos	Miguel	*****38Z
ED481B 2018/004	USC	Cebreiro	Ares	Francisco	*****51T

2. Co fin de comprobar a completa execución do período de estadía, as universidades beneficiarias terán que achegar xunto co contrato de retorno o certificado da última estadía realizada ata a fin do contrato.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que consideren procedente.

Santiago de Compostela

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

